



## **Nova convocatoria de axudas para impulsar a igualdade laboral, a conciliación e a RSE**

A [Consellería de Emprego e Igualdade](#) fomenta a responsabilidade social como unha ferramenta de competitividade, produtividade e xeración de emprego de calidade.

Por iso, en liña co seu reto de contar con “empresas con valores”, incluído na [Estratexia Galega de RSE](#), acaba de publicar a convocatoria para o ano 2021 do Programa de axudas para implantar a igualdade laboral, a conciliación e a responsabilidade social empresarial (RSE).

Se es unha persoa traballadora autónoma ou unha peme que cumpra os requisitos do [Artigo 5 das bases reguladoras](#), poderás solicitar calquera destas axudas **ata o 10 de xuño**.

## Tres liñas de axudas

Esta convocatoria estrutúrase en tres liñas de axudas:

- [Liña I: Elaboración e implantación de plans de igualdade](#)
- [Liña II: Conciliación](#). Esta liña á súa vez, comprende tres subliñas:
  - Incentivos para o fomento do teletraballo
  - Incentivos para o fomento da flexibilidade horaria
  - Subvencións para a adquisición de elementos tecnolóxicos que posibiliten o teletraballo
- [Liña III: Certificacións de RSE](#)

## Solicitudes

As presentacións das solicitudes desta orde de axudas deberán facerse **de forma obrigatoria a través da [sede electrónica da Xunta de Galicia](#)**.

No caso de solicitar máis dunha liña de axudas, cada unha delas deberá **formalizarse por separado** e, de ser o caso, por cada unha das subliñas.

Así mesmo, non será necesario achegar a documentación que xa fora presentada anteriormente ante calquera Administración, aínda que a documentación complementaria deberá entregarse obrigatoriamente por medios electrónicos.

Para máis información, podes consultar o texto completo da convocatoria no [Diario Oficial de Galicia de, 10 de maio de 2021](#).